

FICHA PARA O ALUMNADO: UN SIMULACRO NA ESCOLA (para fotocopiar)



Rosa síntese moi a gusto no cole. Parécelle como se nacera alí. Como di ela, está dende que era unha anana de 3 anos. Ás veces amólalle porque non lle gustan moito as mates, nin tampouco iso de estudar, pero na clase de tecnoloxía síntese como peixe na auga. É moi hábil manexando cables, circuítos, desaparafusadores e planos e ten montón de amigas e amigos.

Está a punto de chegar a profesora de matemáticas, momento que aproveita María para contarlle a Serxio que en Nadal pediu un xogo de construcións súper guai, non como o que pediu o seu irmán pequeno, que parecía moi divertido na televisión, pero que logo resultou aburridísimo.

Cando entra a profesora, Rosa cala e pon cara de resignación. De pronto sona a alarma do colexio e, unha mensaxe polo altofalante dicindo que todas as persoas deben abandonar o edificio. Todo o mundo se mira con sorpresa e logo miran á profesora. Esta levántase rapidamente e dilles que debe haber algún problema na escola e que hai que saír do edificio con rapidez e en orden. Indícalles que vaian levantándose por filas e diríxese cara a porta da aula para controlar que a evacuación se faga de maneira ordenada.

Rosa e Serxio saen da clase xuntos. Serxio dille a Rosa que había que facer o que os profesores lles explicaran a principio de curso, pero que non recorda o lugar no que se debían xuntar. Rosa tranquilízao e dille que non se separe dela, porque xa realizara simulacros de evacuación do edificio noutras ocasións e sabe que, se seguen á profesora que fai de guía, chegarán ao punto de xuntanza sen ningún problema.

A profesora mantenos en orde, e dilles que non corran. Cando os nenos están a punto de baixar a primeira escaleira que os conduce ata o patio, Serxio recorda que falta pouco para almorzar e dille a Rosa que vai volver á aula buscar o bocadillo, pero que volta axiña. Ela agárrao do brazo cunha man e obrígaos a seguir o camiño dicíndolle que nin se lle ocorra, que é moi perigoso volver para atrás porque na clase pode haber fume ou lume.

Baixan ordenadamente polas escaleiras de evacuación e Serxio observa que dous rapaces baixan con certa dificultade. Un deles camiña coa axuda dunhas muletas porque leva unha perna escaiolada; o seu compañeiro cólleo do brazo e axúdalle a saír do edificio.

Cando están a punto de chegar ao patio do colexio, Rosa tropeza cunha caixa de cartón que estaba xusto ao final da escaleira; dálle unha patada e chega, por fin, xunto cos demais ao punto de xuntanza: a fonte do patio exterior do colexio. Rosa explícalle a Serxio que o sinal branco e redondo sobre fondo verde colocado trala fonte na parede indica que ese é o punto de reunión. A profesora fai o reconto dos seus alumnos e alumnas e comproba que todo está en orden; dilles que o fixeron moi ben e que só se trata dun simulacro de emerxencia.

Hai certo barullo entre o profesorado; o grupo de 2º A non está no patio. Tras uns momentos de nerviosismo, aparecen correndo coa profesora de educación física. Estaban no ximnasio e alí non se oíra a alarma.

Óese polos altofalantes un ding-dong que avisa do final da emerxencia e a volta á clase. Rosa di cun sorriso: "gústame moito os simulacros, ¡¡¡¡¡perdemos a clase de mate!!!!".